Wikipedia

Lingua asturiana

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **asturiano**[1] (*asturianu*) é unha lingua románica pertencente ao subgrupo asturleonés, e derivada directamente do latín. É a lingua tradicional do Principado de Asturias[2]. É unha lingua próxima filoxeneticamente ao galego debido a certas características comúns como a conservación do F inicial latino.

Outro dos nomes utilizados tradicionalmente para esta lingua é o de bable[3][4], pero en realidade trátase dun heteroglotónimo despectivo procedente da locución "bla, bla". A normalización da lingua lévase a cabo na Academia de la Llingua Asturiana.



Academia de la Llingua Asturiana, Oviedo.

Asturiano *Asturianu*	
Falado en:	Asturias
Total de falantes:	550.000 (100.000 de lingua materna)
Posición:	Non está entre as 100 primeiras (http://www.davidpbrown.co.uk/help/top-100-languages-by-population.html)
Familia:	Indoeuropea Itálica Románica Italo-occidental Occidental Galo-ibérica Ibero-románica Asturleonés **Asturiano**
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Non é oficial. Recoñecido en Asturias.
Regulado por:	Academia de la Llingua Asturiana
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	--
ISO 639-2:	ast
SIL:	ast

Índice

Clasificación

Forma parte do subgrupo ibero-románico nomeado asturleonés, formado polo asturiano, o leonés e o mirandés. Segundo a clasificación, é unha lingua indoeuropea, itálica, romance e iberorromance.

Falantes

Segundo o estudo *Los Asturianos y la Lengua Asturiana. Estudio Sociolingüístico para el Principado de Asturias* (Oviedo, 1994), do profesor da Universidade do País Vasco Francisco Llera Ramo, en Asturias habería 100.000 falantes nativos, ós cales hai que engadir 450.000 máis que usan o asturiano como segunda lingua, podendo falalo e entendelo. Nese estudo cóntanse uns 50.000 falantes de asturiano central, 30.000 de occidental e 20.000 de oriental.

Extensión

O dominio do asturiano esténdese por todo o territorio, se ben na franxa máis occidental de Asturias se fala galego de Asturias, aínda que o goberno asturiano e a Academia de la Llingua Asturiana prefire denominalo galego-asturiano.

Áreas lingüísticas de Asturias atendendo a criterios exclusivamente científicos.

Vogais

O sistema vocálico do asturiano distingue cinco fonemas, con tres graos de abertura (mínima, media e máxima) e tres posicións de articulación (central, anterior e posterior).

	anteriores (palatais)	centrais	posteriores (velares)
vogais pechadas (apertura mínima)	i	-	u
vogais medias (apertura media)	e	-	o
vogais abertas (apertura máxima)	-	a	-

Consoantes

	labiais	dentais	alveolares	palatais	velares
oclusivas xordas	p	t	-	t͡ʃ	k
oclusivas sonoras	b	d	-	ɟ	g
fricativas	f	θ	s	ʃ	-
nasais	m	-	n	ɲ	-
laterais	-	-	l	ʎ	-
vibrantes	-	-	ɾ / r	-	-

Notas

1. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/asturiano) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/asturiano) para *asturiano*.
2. O artigo 1 da Lei de Promoción e Uso do Asturiano (http://noticias.juridicas.com/base_datos/CCAA/as-l1-1998.html) dispon: *"O asturiano, como lingua tradicional de Asturias, gozará de protección. O Principado de Asturias promoverá o seu uso, difusión e ensino"*
3. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/bable) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/bable) para *bable*.
4. "Bable" é un termo acuñado no século XVIII nos ambientes cultos, para denominar á lingua vernácula de Asturias e que na actualidade adquiriu un significado despectivo ao ser usado por sectores sociais contrarios á normalización do idioma.

Véxase tamén



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua asturiana***



Vexa no Galizionario as palabras en ***Asturiano***

Outros artigos

- Galego de Asturias
- Asturiano occidental
- Asturiano central
- Asturiano oriental

Ligazóns externas

- Mapa da lingua asturiana (http://www.proel.org/lenguas/bable.html)
- O astur-leonés en Ethnologue (http://www.ethnologue.com/show_language.asp?code=ast)
- Academia de la Llingua Asturiana (http://www.academiadelallingua.com/)
- Informe sobre a lingua asturiana (http://www.academiadelallingua.com/pdf/Informe_sobre_la_llingua_asturiana.pdf) (en pdf)
- Diccionariu de la Academia de la Llingua Asturiana (http://www.academiadelallingua.com/diccionariu/index.php)
- Vídeo pedagóxico do programa *Ben falado!* sobre o asturiano (https://web.archive.org/web/20071017062700/http://crtvg.es/reproductor/inicio.asp?canal=tele), presentado por Ferro Ruibal e emitido na TVG o 28 de setembro de 2010.

Este artigo sobre lingüística é, polo de agora, só un bosquexo. Traballa nel (https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_asturiana&action=edit) para axudar a contribuír a que a Galipedia mellore e medre.
Existen igualmente outros artigos relacionados con este tema nos que tamén podes contribuír.
